



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2016.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA.</p> <p><b><u>Non asiste con excusa:</u></b> D<sup>a</sup> CRISTINA CADENA FREIRE.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO :</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e oito minutos do día trinta e un de outubro de dous mil dezaseis, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

**PUNTO NÚM. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA.**

O Concello Pleno por unanimidade acorda ratificar o cambio de data da sesión ordinaria para o día de hoxe.

**PUNTO NÚM. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DO 29/07/2016 E 30/09/2016.**

Sometida a votación a aprobación das actas das sesións correspondentes os días 29-07-2016 e 31-10-2016, o Pleno do Concello por 10 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e dous votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación as citadas actas.

Solicitando o Sr. Mesias que conste na acta que na Conta Xeral faltaban documentos e non figura a súa petición de que o asunto quedase sobre a Mesa.



**PUNTO NÚM. 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS.-**

Dase conta da Moción da Alcaldía, de data 26 de outubro de 2016, que seguidamente se transcribe:

“ Ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e do artigo 20 do Regulamento Orgánico da Corporación, esta Alcaldía presenta a seguinte proposta de modificación da periodicidade das sesión plenarias ordinarias, unha vez deliberada na xunta de voceiros:

**Primeiro.-** Que o Concello Pleno celebre as sesión ordinarias de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 20 do Regulamento Orgánico con carácter mensual, os últimos lúns de mes, ás 11,30 horas da mañá. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, celebrarase o seguinte luns ou día designado pola Xunta de Voceiros.”

Sometida a votación á Moción da Alcaldía-Presidencia o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.”

**PUNTO 4º.- TOMA COÑECEMENTO ACORDO COMISIÓN MIXTA DE COORDINACIÓN E DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN TERREOS E XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVICIO DE BOMBEOS: ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL “EDAR” DE 27/09/2016.**

Dada conta da acta da Reunión celebrada pola Comisión Mixta de Coordinación Desenvolvemento Conxuntos da Cesión e posta a disposicións terreos e xestión compartida do Servicio de Bombeos: Actuación de Saneamento na Zona Norte da Ría de Ares e na Zona Sur da Ría de Ferrol “EDAR” celebrada o día 27 setembro de 2016, na cal acordou aprobar unha prórroga da Concesión ata o 30 de decembro de 2017, acordando asemesmo iniciar un novo expediente de contratación.

O Concello Pleno por unanimidade acorda darse por enterado.

**PUNTO NÚM. 5.- DAR CONTA INFORME P.M.P. TERCER TRIMESTRE E REMISIÓN MHAP.**

Dase conta do Informe do Periodo Medio de Pago, correspondente o terceiro trimestre de 2016 o cal arroxa as seguintes cifras:

Importe de Pagos realizados: 592.230,58 Euros.



Periodo Medio de Pago: 15.71 días.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 6.- DAR CONTA INFORME MOROSIDADE TERCER TRIMESTRE E REMISIÓN MHAP.**

Dase conta do Informe sobre Morosidade correspondente o terceiro trimestre de 2016, o cal presenta o seguinte resumo:

- Pagos Realizados durante periodo legal de pago..... 324.968,89
- Pagos realizados fora do período legal de pago..... 267.261,69
- Pendente de Pago período legal final do trimestre..... 421.463,51
- Pendente de Pago fora do período legal do trimestre..... 73.104,72.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 7º.- DAR CONTA REMISIÓN MHAP EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 3º TRIMESTRE.-**

Dase conta da Remisión con data 26 de outubro de 2016 o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do estado de execución orzamentaria correspondente o 3º Trimestre de 2016.

O Concello Pleno dase por enterado.

**CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

**PUNTO NÚM. 8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 9º.- MOCIÓN E PROPOSTAS.**

**a) MOCION DO BNG: OPOSICIÓN Á LOMCE E AS SÚAS REVALIDAS.**

Dase conta da Moción Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte Moción



**consecuencias que suponen estas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública galega, laica, coeducativa e gratuíta.**

**2.- A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.**

**3.- Instar á Xunta a defendr as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.”**

A Sra. Martínez Martínez, solicite que o asunto quede sobre a Mesa. Sometida a votación esta proposta o Pleno do Concello, por 4 votos a favor (3 PP e 1NAL) 3 VOTOS en contra 2 do BNG E 1 de SON DE ARES e 5 abstencións do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia deixar o asunto sobre a Mesa.

#### **B) MOCIÓN DO BNG APOIO AS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.**

Dase conta do moción do BNG do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galega, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novas criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades



profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade , así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados "conxeladores" polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento) , a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques "conxeladores" aquelas embarcacións que teñan unha eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques "fresqueiros" sen ter en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose-lles unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de "secano", pois a nasa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, "curiosamente", a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NA FO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores



condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de x ubilación polo tamaño do barco.

Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por isa, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- 1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulación embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da arde interna da Dirección da Marina Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.**
- 2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle reconeceu o 0,40. Restiturr a legalidade e o sentido común.**
- 3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, reconecendo aquelas que tenen maior penosidade, perigosidade , sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.**
- 4. Solicitar o cese do Director Xeral da Marina Mercante por incompetente e por desconecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polos sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.**



**5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados.”**

Sometido a votación a Moción o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte e previo o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Pregunta se algún portavoz quere someter a consideración do Pleno pola via de urxencia, non presentándose ningunha Moción.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do BNG, preguntando como está o proceso selectivo, dos dous ordenanzas e un subalerno. A continuación volve a preguntar cando se van a responder as alegacións o PXOM. Tamén pregunta cal é a situación do río de Xanes.

Pregunta un tema que foi tratado na Comisión Informativa de Turismo sobre os gastos do Barco. E finalmente pregunta polas dúas sentenzas que chegaron en contra do Concello en relación coas demandas dos traballadores do Servizo de Auga.

Resposta o Sr. Alcalde, que en relación co proceso selectivo dos dous subalerno houbo unha preselección do INEM, sendo remitidos sobre trinta curriculum.

En relación coas alegacións do PXOM estase con elo e o equipo técnico está apurando para entregar as contestacións.

Respecto da actuación do Río Xanes, estase renovando a autorización, autorización que pola doutrina dos actos propios volverán a conceder por non haber variado as condicións.

Respecto do Barco o mesmo financiase con cargo a fondos europeos, ten efectos na promoción da Ría e do pobo de Ares, e se suman todos os gastos e todos os ingresos da un resultado de menos nove mil euros.

Respecto das Sentenzas, a intención foi a de subrogar como así se fixo ó persoal e adaptalo, e el como Alcalde non pode asumir traballadores con idénticas función e distintas retribucións. Esta situación é inxusta. Insiste que fíxose a subrogación para que este persoal





non quedase na Rua, e lembra o Sr. Voceiro do BNG que en San Sadurniño teñen de abogado a un ex alto cargo do goberno co BNG.

O Sr. Mesias Farias, insiste en que o Sr. Pita Carballeira, como responsable da area de turismo lle de unha resposta.

O Alcalde, manifesta que responde el.

O Sr. Mesias Farias, fai fincaxe de novo que fixo unha pregunta o Sr. Pita Carballeira, e que conste en acta, volve a preguntar canto se leva gastado no barco.

Resposta o Sr. Alcalde- que nove mil euros e procede a retirarle a palabra o Sr. Mesias Farias.

O Sr. Mesias Farias, considera que é unha vulneración do artigo 29 do ROM.

A continuación cede a palabra a Sra. Martínez Martínez, a cal pregunta en relación coa resolución núm. 429/16 que o terceiro punto non aparece.

Respecto da Resolución 435/16 hai un erro na identidade da persoa, e o Sr. Alcalde lle prega que no divulgue ese dato persoal na liña do pedido polo Defensor do Pobo, de que non figuren nas Actas datos persoais.

A Sra. Martínez Martínez, manifesta que na acta do 29/07/16, o Sr. Cendán Fernández, manifestou que traerá as alegacións a Pleno, e pregunta, cando será.

Resposta o Sr. Alcalde, que estamos pendentes dunha reunión para o mércores, e cando teñamos todos os informes sectoriais, procederase a respostar as alegacións.

O Sr. Alcalde, en relación coas preguntas formuladas no pasado Pleno Ordinario.

- a) Caseta bombeo Parque Rosalia de Castro, considera que está solucionado.
- b) Rio Xanes, xa esta solucionado, e respostada.
- c) Respecto o PXOM, támen esta contestado.
- d) Respecto a acomodación do persoal da auga, tamen esta contestada.
- e) Respecto do paso de cebra na urbanización das Anclas, a petición foi trasladada o vixiante de Estradas.

A Sra. Martínez Martínez, pregunta porque non se personaron os letrados do Concello no Xuízo dos traballadores da auga.

O que resposta o Sr. Alcalde, que soamente houbo un retraso no mesmo, e si que se personaron.





E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cuarenta e un minutos do día o comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,